

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CD3COM000400	Márketing e publicidade	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0931	Márketing dixital	2024/2025	7	187	224
MP0931_13	Comunicación dixital	2024/2025	7	57	68
MP0931_23	A rede social e o plan de márketing dixital	2024/2025	7	70	84
MP0931_33	Administración e política comercial no comercio dixital	2024/2025	7	60	72

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	SONIA PÉREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Aspectos tales como o bo funcionamento das redes de comunicación, a prestación de servizos de internet, a creación de páxinas web e o seu posicionamento, así como o deseño de tendas en liña atractivas, constitúense como fundamentais para a visibilidade dos negocios, e, polo tanto, para a súa supervivencia.

As empresas (sociedades, autónomos, cooperativas) dependen cada día máis das novas tecnoloxías para a comunicación cos seus clientes e a materialización das vendas, razón pola que requiren profesionais especializados en comercio dixital e seguridade informática.

Pola súa banda, as Administracións Públicas están a modernizar as súas canles de comunicación cos cidadáns a través de medios telemáticos obrigando en moitos casos á presentación virtual de instancias e documentación, feito que conleva en moitos casos a necesidade de contar con identidades dixitais.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Administración dos accesos e conexións a redes	Administrar accesos e conexións a redes públicas, semipúblicas e privadas, empregando navegadores e buscadores de información especializados na rede pública Internet.	23	10
2	Servizos e protocolos de Internet	Xestionar diversos servizos e protocolos de Internet, manexando programas de correo electrónico e de transferencia de arquivos, entre outros.	23	10
3	Construcción de páxinas web	Construír páxinas web atractivas para os usuarios de Internet, empregando criterios de posicionamento, fácil manexo e persuasión.	22	15
4	Relacións entre os usuarios da rede	Determinar a estratexia a seguir nas interrelacións con outros usuarios da rede, empregando programas específicos, foros de comunicación e redes sociais de ámbito empresarial.	30	10
5	Deseño do plan de marketing dixital	Deseñar o plan de marketing dixital no mercado online, definindo solucións estratéxicas mediante a implementación de accións específicas de desenvolvemento da marca comercial.	54	25
6	Facturación electrónica e administración telemática	Realizar a facturación electrónica e outras tarefas administrativas de forma telemática, empregando en cada caso software específico.	30	15
7	Definición da política de comercio electrónico de unha empresa	Definir a política de comercio electrónico da empresa, establecendo as accións necesarias para efectuar vendas on-line	42	15

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Administración dos accesos e conexións a redes	23

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Administra os accesos e as conexións a redes públicas, semipúblicas e privadas, utilizando navegadores e buscadores de información especializados na rede pública internet.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede.
CA1.2 Avaliáronse os sistemas de conexión á rede.
CA1.3 Configurouse o acceso ao sistema informático na rede.
CA1.4 Comprobáronse as características propias de intranet e extranet.
CA1.5 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede.
CA1.6 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas.
CA1.7 Utilizáronse buscadores especializados por temas e outras aplicacións de procura avanzada.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Introdución: definición e orixe de internet.
Funcionamento de internet: servidores e clientes, protocolo TCP/IP, a world wide web e dominios da rede.
Modos de conexión a internet.
Configuración do acceso.
Intranet e extranet.
Navegador: definición e funcionamento. Navegadores máis utilizados.

Contidos
<p>Procura de información na rede.</p> <p>Buscadores: motores de procura e índices, buscadores temáticos, multibuscadores e metabuscadores.</p> <p>Conceptos básicos de procura con operadores; sintaxes especiais de procura; opción de procura avanzada; inclusión en servizos adicionais e ferramentas específicas.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizos e protocolos de Internet	23

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona diversos servizos e protocolos de internet, manexando programas de correo electrónico, de transferencia de ficheiros, etc.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os elementos que configuran o correo electrónico.
CA2.2 Utilízase o correo electrónico directamente desde a web.
CA2.3 Utilízanse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes.
CA2.4 Identifícase o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor.
CA2.5 Compartíronse ficheiros a través dunha rede de computadores entre iguais (peer to peer P2P).
CA2.6 Descárgase software de balde con limitacións de tempo de uso e sen elas.
CA2.7 Realízanse descargas de vídeos, música, videoxogos, etc.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Correo electrónico: definición e funcionamento.</p> <p>0Conexións telefónicas de voz.</p> <p>Correo web: creación dunha conta, e funcións básicas de ler, responder e enviar.</p> <p>Correo non desexado.</p> <p>Correo POP3: definición e uso; xestión das operacións de envío, recepción e mantemento.</p> <p>Transferencia de ficheiros: definición e funcionamento.</p> <p>Servidores e aplicacións FTP.</p> <p>Redes P2P (peer to peer): aplicacións.</p> <p>Descargas: musicais, de vídeos e software.</p> <p>Freeware e shareware.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Construcción de páxinas web	22

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Constrúe páxinas web atractivas para as persoas usuarias de internet, utilizando criterios de posicionamento, manexo doado e persuasión.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Redactáronse as sentenzas máis utilizadas en linguaxe de etiquetas de hipertexto (HTML).

**Criterios de avaliación**

CA3.2 Utilizáronse programas comerciais que permitan crear de xeito sinxelo os ficheiros que compoñen as páxinas web.

CA3.3 Rexistrouse o enderezo de páxinas web con dominio propio ou con aloxamento de balde.

CA3.4 Enviáronse ao servidor de internet ficheiros web creados mediante programas especializados nesta tarefa.

CA3.5 Utilizáronse programas específicos de inclusión de textos, imaxes e son.

CA3.6 Construíuse unha web eficiente para o comercio electrónico.

CA3.7 Incluíronse na web ligazóns de interese capaces de xerar tráfico orientado e interesado no que se ofrece.

**4.3.e) Contidos****Contidos**

Estrutura dunha páxina web.

0Zonas quentes e zonas de usuario.

O carro da compra en liña.

Linguaxe HTML.

Creación de páxinas web cos editores web máis usuais.

Elección do servidor para aloxar páxinas web.

Publicación de páxinas web vía FTP.

Alta en buscadores.

Programas de deseño gráfico e outras utilidades para a web.

Catálogo en liña.

Fluxos de caixa e financiamento da tenda en liña.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Relacións entre os usuarios da rede	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina a estratexia que haxa que seguir nas relacións con outras persoas usuarias da rede, utilizando programas específicos, foros de comunicación e redes sociais de ámbito empresarial.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Utilizáronse programas web para manter charlas de texto.
CA1.2 Utilizáronse programas de mensaxaría instantánea.
CA1.3 Aplicáronse sistemas de comunicación oral que utilizan só son, ou imaxe e son.
CA1.4 Establecéronse contactos con outras persoas usuarias da rede a través de foros de debate e opinión.
CA1.5 Establecéronse contactos sobre temas concretos a través de blogs temáticos de contido profesional.
CA1.6 Efectuáronse comunicacións, publicidade e vendas con outras persoas usuarias da rede a través de redes sociais.
CA1.7 Xeráronse contidos audiovisuais e fotográficos da actividade, os produtos e os procesos comerciais.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Grupos de conversa ou chat: programas IRC e webchat.
Engadir elementos a unha páxina dunha rede social.
Uso de elementos fotográficos e audiovisuais nunha páxina dunha rede social.

Contidos
<p>Engadido de aplicacións profesionais a unha páxina.</p> <p>Blogs externos e RSS.</p> <p>Procura de grupos interesantes.</p> <p>Crear unha rede de contactos influentes.</p> <p>Comprar e vender en redes sociais.</p> <p>Servizo de mensaxaría instantánea.</p> <p>Telefonía por internet.</p> <p>Videoconferencia.</p> <p>Foros: lectura e escritura neles.</p> <p>Grupos de discusión.</p> <p>Redes sociais.</p> <p>Weblogs, blogs ou bitácoras.</p> <p>Redes sociais para empresas.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Deseño do plan de marketing dixital	54

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña o plan de márketing dixital no mercado en liña, definindo solucións estratéxicas mediante a posta en marcha de accións específicas de desenvolvemento da marca comercial.	SI



**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparouse un plan de márketing dixital que permita alcanzar os obxectivos comerciais da empresa.
CA2.2 Definíronse os procesos de posicionamento e márketing en liña.
CA2.3 Establecéronse as pautas que cumpra seguir para realizar a publicidade e a promoción en liña.
CA2.4 Identifícaronse os elementos que configuran o márketing de buscadores.
CA2.5 Avaliáronse os retos do márketing electrónico: confianza nos medios de pagamento, problemas loxísticos e seguridade.
CA2.6 Realizáronse as tarefas necesarias para xestionar e fidelizar a clientela a través da rede.
CA2.7 Identifícaronse as novas tendencias de comunicación e relación coa clientela no márketing dixital.
CA2.8 Realizáronse accións de márketing efectuadas a través de dispositivos móbiles.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Desenvolvemento do plan de márketing dixital.
0Márketing viral.
Márketing one-to-one.
Aplicacións do mobile márketing, TDT, etc.
Comportamento da clientela en liña.
Promoción en liña e fóra de liña da web.
Ferramentas de posicionamento en buscadores: e-mail márketing, SEM, SEO e campañas en páxinas afíns.
Políticas de captación: proceso de creación dunha marca.

Contidos
Análise de estatísticas e medición de resultados.
Márketing de afiliación.
Márketing relacional e xestión da relación coa clientela (CRM).
Cross marketing.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Facturación electrónica e administración telemática	30

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas de xeito telemático, utilizando en cada caso software específico.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os formatos electrónicos de factura de maior ou menor complexidade (EDIFACT, XML, PDF, html, doc, xls, gif, jpeg, txt, etc.).
CA1.2 Estableceuse a transmisión telemática entre computadores.
CA1.3 Garantiuse a integridade e a autenticidade das transmisións telemáticas a través dunha sinatura electrónica recoñecida.
CA1.4 Utilizáronse aplicacións específicas de emisión de facturas electrónicas.
CA1.5 Utilizáronse ferramentas comúns en internet relativas á relación da empresa con organismos públicos e outras entidades.
CA1.6 Probáronse ferramentas de tipo xeneralista que se utilizan na rede.
CA1.7 Identifícaronse os programas prexudiciais para a seguridade e a integridade dos datos almacenados en equipamentos informáticos.

**Criterios de avaliación**

CA1.8 Aplicáronse as barreiras de seguridade necesarias para salvagardar a información da empresa.

**4.6.e) Contidos**
**Contidos**

Factura electrónica: aspectos xerais, condicións para a súa utilización e normativa legal.

Seguridade: sinatura electrónica recoñecida.

Programas de facturación electrónica.

Relación con outras empresas e organismos públicos: banca electrónica, trámites coa Seguridade Social, relacións tributarias con Facenda, etc.

Programas de visualización e impresión de ficheiros PDF.

Programas reprodutores, organizadores e sincronizadores de música, vídeos, películas, programas de televisión, audiolibros, etc.

Seguridade en internet: spam, virus informáticos, spyware e phishing.

Programas antivirus, tornalumes e antiespías.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Definición da política de comercio electrónico de unha empresa	42

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Define a política de comercio electrónico da empresa, establecendo as accións necesarias para efectuar vendas en liña.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse os parámetros necesarios para crear ou adaptar un negocio en liña.
CA2.2 Definíronse accións de captación enfocadas ao comercio electrónico.
CA2.3 Recoñecéronse os modelos de negocio existentes na rede.
CA2.4 Deseñouse unha tenda virtual.
CA2.5 Planificouse a xestión dos pedidos recibidos e todo o proceso loxístico.
CA2.6 Identificáronse os aspectos xurídicos e de protección de datos no comercio electrónico.
CA2.7 Establecéronse os medios de pagamento que se vaian utilizar.
CA2.8 Seleccionáronse os sistemas de seguridade que garantan a privacidade e a invulnerabilidade das operacións.
CA2.9 Identificáronse os tipos de negocios electrónicos existentes.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Idea e deseño dunha tenda virtual.
0Criptografía: clave simétrica, clave asimétrica e cifrax de clave única.
Sinatura.
Certificados dixitais.
Encriptación.
Negocios electrónicos: e-shop, e-mail, e-procurement, e-marketplace, e-auction, etc.
Modelos de negocio dixital: portais horizontais, B2B, B2C, etc.

## Contidos

Selección e rexistro de dominio.

Escaparate web e catálogo electrónico.

Control loxístico das mercadorías vendidas en liña.

A reclamación como instrumento de fidelización da clientela.

Importancia financeira da reclamación.

Medios de pagamento electrónicos.

Períodos de reflexión e cancelacións.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Este módulo consta de 3 unidades formativas e de 7 unidades didácticas (UD), cada unha delas cos seus correspondentes resultados de aprendizaxe (RA), criterios de avaliación (CA) e contidos básicos. Para superar o módulo o/a alumno/a debe acadar a avaliación positiva en cada unha das unidades formativas e, en consecuencia, en cada unha das unidades didácticas, sendo a nota mínima requirida igual a 5 en cada unha delas.

Os CA mínimos esixibles son os que aparecen no apartado 4.c. desta programación didáctica. O alumnado terá que acadar o 50% da cualificación en cada un dos CA para ter unha avaliación positiva.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos: consistentes en probas escritas que poderán conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test ou supostos prácticos. As probas conterán instrucións de realización e a cualificación máxima por pregunta. Este tipo de probas serán combinadas; ou sexa, incluírán os CA mínimos exixibles que aparecen no apartado 4.c desta programación didáctica. A cualificación consistirá en corrixir as preguntas correspondentes a cada CA e asignar o peso establecido no devandito apartado á cualificación obtida para cada un dos CA incluídos en cada proba de coñecementos. O alumnado acadará unha avaliación positiva sempre en cando acade o 50% do peso asignado a cada CA no apartado 4.c. desta programación didáctica. Na cualificación de cada CA terase en conta a correcta expresión escrita e a utilización de conceptos técnicos e específicos propios do módulo formativo, a correcta ortografía e presentación ademais dos coñecementos relacionados co CA que se avalía. Unha proba de coñecementos non realizada na data establecida e comunicada con antelación, suporá realizala no período de actividades de recuperación correspondente.

b. Probas de produto e/ou desempeño: consistirán en traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos, informes ou defensas orais tanto en grupo como individuais. Conterán indicacións/instrucións

precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (unicamente a aula virtual do centro educativo), se debe ser defendido, os prazos de presentación e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores).

As probas de produto e/ou desempeño cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas/listas de cotexo) con catro niveis de logro (completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%). Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita e utilización de conceptos técnicos e específicos propios do módulo formativo, ortografía, formato, presentación e creatividade, contido e desempeño. Os indicadores de contido puntuarán como mínimo un 60% da cualificación total do produto. Se o produto que se pide trae asociada unha exposición oral (defensa) esta será avaliada por separado coa súa correspondente táboa de indicadores que incluírán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación e creatividade do apoio visual. Este tipo de probas serán combinadas; ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación. Unha proba de produto non presentada en prazo ou non entregada na aula virtual do centro educativo implicará unha cualificación de cero. O alumnado poderá entregar a devandita proba de produto no período de actividades de recuperación correspondente.

Cando unha proba de produto conteña CA mínimos esixibles, a entrega da devandita proba será obrigatoria. Se non se presenta en prazo ou non se entrega na aula virtual do centro educativo, a cualificación será de cero e, en consecuencia, o alumnado non superará os CA mínimos esixibles que se recollen na proba de produto. O alumnado poderá entregar a devandita proba de produto no período de actividades de recuperación correspondente. A cualificación final en cada unidade formativa será a resultante de aplicar os pesos asignados a cada unidade didáctica. A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das unidades formativas que integran o módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as con dereito a "avaliación continua" que non superen algunha avaliación ou que non se personen nalgunha proba, terán unha segunda oportunidade de recuperación no exame final coa avaliación que teñan pendente de superar.

Os alumnos que teñan perdido o dereito de avaliación continua terán dereito a realizar un exame final no mes de xuño, nas datas que indique o centro.

O profesor ou profesora poderá recomendar a realización de exercicios e actividades aos alumnos ou alumnas con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma. Igualmente poderán establecerse polo profesor ou profesora actividades de reforzo a realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

As actividades de recuperación quedan definidas do seguinte xeito:

1. Os CAs con cualificacións inferiores a 5 puntos deberán ser superados nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.
2. Se a nota da 1a ou 2a avaliación resulta inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente aquelas probas de coñecemento ou de

produtos e/ou desempeños que, individualmente obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.

3. As actividades de recuperación desenvolveranse no período indicado polo profesor ou profesora aínda que durante o curso se estableceran para cada proba non superada outros períodos/datas. Trátase de que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corrixilos.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

De acordo co artigo 2.3 da orde do 30 de xullo de 2007 e art. 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua. Tendo en conta:

1. O alumnado perde a avaliación continua cando ten un 10% de faltas de asistencia sen xustificar.

2. Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar CAs mínimos do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para a súa realización e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecementos por escrito con dúas partes: cuestionario e casos prácticos.

3. O alumnado non terá que examinarse das UF superadas antes da perda da avaliación continua.

4. O cuestionario conterá un número suficiente de preguntas para poder avaliar os CAs do módulo. Por cada CA, deberáse alcanzar unha puntuación mínima do 50% para logo poder facer a media ponderada segundo os pesos que cada CA ten na vixente programación.

5. A parte de casos prácticos consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os CAs mínimos de cada UF do módulo, Para poder superar a proba, deberase alcanzar un 50% da nota por cada CA mínimo esixible avaliabile e a nota media debe ser superior a un 5.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A Programación, como guía útil do proceso de ensino aprendizaxe no período deste curso académico, e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. No caso de haber alteracións na aplicación da programación, estas serán anotadas no seguimento do mesmo, co fin de valorar a necesidade de facer cambios nas seguintes programacións.

O seguimento da programación por parte da docente incluírá, como mínimo, as revisións legalmente establecidas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha presentación dos alumnos/as na aula e na realización dunha proba inicial de coñecemento que servirá para valorar o nivel formativo do grupo.

Posteriormente, en común co equipo docente, farase unha valoración máis axustada.

Novamente, e de forma continua, farase un seguimento do alumnado en colaboración co titor/a e outros membros da comunidade docente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Por todo o anterior, a atención personalizada ao alumno/a na aula será a medida de reforzo principal. Ademais empregaranse outras ferramentas de apoio tales como:

- Recuperacións dos CAs non superados
- Tarefas específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen a adquisición de competencias
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Traballo en grupo

De forma complementaria poderanse establecer medidas adaptadas ás circunstancias particulares do alumno/a en colaboración co Departamento de Orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en



común.

Transmitiranse tamén valores cívicos e de consumo sostible que fagan que os alumnos/as adquiren maior compromiso cidadán e de respecto á sociedade. Ademais trataranse de introducir valores de carácter profesional útiles no mundo laboral (traballo en equipo, disciplina, responsabilidade, resiliencia, tolerancia, cooperación...). Estes e outros valores traballaranse co alumnado de forma transversal e simultánea á transmisión de coñecementos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Coa finalidade de achegarse ao mundo profesional ,sempre que sexa posible, cos permisos da Consellería de Educación e do equipo directivo e docente do IES A Guía, poderanse facer visitas a empresas, asistir a eventos en recintos, actuar en centros comerciais ou participar en actividades de aprendizaxe programadas.

## 10. Outros apartados

### 10.1) ULA VIRTUAL

Este módulo conta cunha aula virtual complementaria na plataforma Moodle do IES A Guía, na categoría de MARKETING E PUBLICIDADE. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá automatriculase mediante unha chave de automatrícula que lle será dada nas presentacións ou primeiros días de curso.

2. O curso deste módulo na aula virtual está organizado por UD e contarán con ligazóns, ficheiros e tarefas por cada UD que servirán de apoio ao estudo.

### 10.2) ESCENARIO A DISTANCIA

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e as instrucións da Dirección do IES A Guía dictadas a tal efecto.